Non debemos esquecernos da posibilidade da necesidade do ensino non presencial, no que contemplaremos tanto ao alumnado con conectividade como sen ela, polo que as clases seguiranse de xeito telemático, recibindo as explicacións e actividades que se corruxarán en grupo, e se fose o caso, por xurdir dificultades técnicas, poderíanse facer individuais, a través de videochamadas ou publicando materiais e vídeos explicativos na aula virtual do curso. En colaboración co resto do equipo docente elaboraranse semanalmente plans de traballo nos que se detallarán as actividades, o formato e o tempo de que dispón para entregalas a través do correo electrónico ou da aula virtual. Toda esta información será publicada na páxina web do centro, así como na aula virtual para que o alumnado e as súas familia sexan coñecedores dos mesmos. As actividades serán do mesmo tipo que as propostas para o ensino presencial. Estes plans serán públicos co fin de que sexan coñecidos polo alumnado e as súas familias.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación                              |
|---|
| GRAMÁTICA                                 |
| ESCOLMA DE TEXTOS                         |
| MATERIAIS DE ESTUDO DE ELABORACIÓN PROPIA |
| DICIONARIOS E ENCICLOPEDIAS               |
| MAPAS                                     |
| AULA VIRTUAL                              |
| CADERNO A4                                |
| BOLÍGRAFO AZUL E NEGRO                    |
| MATERIAL FUNXIBLE PARA OBRADOIROS         |

Materiais > ordenador na aula de informática, ordenador, internet, caderno de clase, memoria USB, conta de correo electrónico para enviar e recibir materiais didácticos, aula virtual, mapas e material videográfico e audiovisual, fotocopias, dicionarios e enciclopedias de todo tipo, dicionario de latín, prensa escrita, textos clásicos e adaptacións, traducións, así como recursos bibliográficos procedentes da biblioteca do instituto, do departamento de Latín, e da biblioteca de aula, onde trasladaremos suficiente material bibliográfico para que en calquera momento da clase podamos facer procuras de información (dicionarios, libros de mitoloxía e de temática clásica en xeral, novelas e relatos xuvenís ambientados na Antigüidade Clásica, adaptacións de obras clásicas, etc.), exercicios, apuntes e fichas do profesor, e TICS. Outros: aula virtual e servizo de videoconferencia corporativo en caso de docencia non presencial. Dicionarios de linguas clásicas, modernas, etimolóxicos, atlas, xornais e revistas en latín.

Recursos > persoais (fotocopias, presentacións, apuntes e fichas), da Consellería e o centro (correo electrónico, espazo Abalar, Webs dinámicas, servizo de videoconferencias corporativo, a biblioteca, sala de informática, aula-clase e aula virtual), da cidade (biblioteca e auditorio municipal).

No caso de ter docencia non presencial, o alumnado precisará un ordenador con conectividade, unha conta de correo electrónico coa que enviar e recibir os distintos materiais e actividades, aula virtual do centro e servizo de videoconferencias.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial mostra os coñecementos previos, as motivacións e expectativas sobre a materia, o dominio das linguas e as TICS do noso alumnado, servindo como indicador fundamental para levar a cabo as adaptacións pertinentes na nosa programación sempre que sexa necesario, tendo en conta unha circunstancia moi frecuente, o feito de ter alumnado que non cursase Cultura Clásica, que a curse este ano, que a cursase noutro centro ou que sexa repetidor, polo que contactariamos co departamento de orientación para poder acceder á información sobre este e o resto do alumnado que poidamos precisar.

Esta avaliación realizarase ao principio do curso, antes do remate da 4.<sup>a</sup> semana de curso e das reunións dos equipos educativos para a posta en común dos resultados da mesma, tendo en conta:

- > Actas e memoria do departamento do curso anterior.
- > Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas coa súa motivación, expectativas e dominio das TICS.
- > Diálogo informal co alumnado os primeiros días de aula.
- > Rexistro diario de observacións do caderno da profesora.
- > Proba escrita obxectiva sobre contidos previos xerais acerca do mundo clásico, morfoloxía, sintaxe, lingua, literatura, comprensión lectora e escrita. Aínda que é unha materia da que esperamos coñecementos de cultura xeral e non específicos previos, debemos avalialos para facer as modificacións precisas e valorar as dificultades atopadas e adaptarnos ás características do noso alumnado, xa que algúns poderían ter cursado Latín e/ou Cultura Clásica os anos anteriores, ou non, e/ ou ter igualmente certas necesidades que considerar.

Haberá que valorar moi ben os resultados, a non ser que os resultados satisfactorios se refiran a totalidade do grupo e nese caso seguiremos coa nosa planificación, aínda que adaptándoa, iso si, a todas as circunstancias e necesidades que xurdan; se non fose así, sempre que haxa resultados satisfactorios e non satisfactorios, ou aínda que haxa aceptables na súa maioría, neste nivel vén moi ben ao comezo un bo repaso dos coñecementos previos para afianzalos. O alumnado con resultados non satisfactorios repasarán os conceptos con materiais e actividades especificamente deseñadas para elas e eles ata que acaden resultados positivos nas probas seguintes. Os resultados das probas daranse a coñecer e comentarase ao alumnado para facelos partícipes do seu proceso de aprendizaxe partindo do nivel previo que teñen ao comezo do curso e ao que chegarán ao finalizalo, de xeito que se motiven e sexan conscientes dos seus propios logros.

En caso de que tivesemos alumnado que se incorporase ao longo do curso, aplicaríamos este mesmo procedemento.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>10</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>11</b> | <b>12</b> | <b>12</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 70        | 76        | 79        | 79        | 76        | 76        | 76        | 76        | 76        | <b>76</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 30        | 24        | 21        | 21        | 24        | 24        | 24        | 24        | 24        | <b>24</b>  |

### Criterios de cualificación:

A avaliación será obxectiva, formativa, integradora e continua no estudo dunha lingua como é a materia que nos ocupa, tomando como referentes a comprobación do grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos de etapa, os contidos e os criterios de avaliación, que se fará en distintos momentos e tempos, en función dos diferentes tipos de avaliacións: inicial (xa especificada no punto 5.1. desta programación), parcial (1º, 2º e 3º

trimestres) e final.

Na avaliación parcial combinaremos diferentes instrumentos de avaliación en función dos contidos, desempeño e progreso do noso alumnado. Así, en tódalas unidades didácticas combinaremos probas escritas e táboas de indicadores, que, aínda que aparecen recollidas pormenorizadamente no punto 3.3 desta programación para cada un dos criterios de avaliación de cada unha das unidades didácticas (UD) que a integran, tendo en conta o transcórrese desta aprendizaxe e a resposta do alumnado, poderemos ir modificando sempre en virtude do que máis beneficie á súa aprendizaxe e mellor reflecta o mesmo nos diferentes tempos.

Os criterios de cualificación de cada trimestre distribuiranse cos seguintes pesos:

C O M P R E N S I Ó N E I N T E R P R E T A C I Ó N D E T E X T O S :  
40%

L I N G U A L A T I N A E C O M U N I C A C I Ó N :  
30%

C U L T U R A R O M A N A :  
10%

LEGADO E PATRIMONIO: 20%

Dado o carácter continuo do tratamento da maior parte dos contidos da nosa materia, non haberá recuperacións entre trimestres, polo que a cualificación positiva nunha avaliación posterior a unha avaliación suspensa nestes contidos, implicará automaticamente a superación nos mesmos. Isto non quere dicir que non haxa que seguir facendo un detido seguimento da evolución do alumnado en probas e traballos posteriores que den conta do seu progreso, de xeito que verifiquemos a súa mellora. Non obstante, se un alumno suspendese as dúas primeiras avaliacións pero lograse acadar os mínimos de consecución na terceira, aprobaría a materia, precisamente polo carácter continuo da m e s m a e o s e u p r o p i o avance.

A nota de cada trimestre virá determinada pola media aritmética resultante das cualificacións acadadas a través dos diferentes instrumentos de avaliación empregados en cada unha das UD que integran o trimestre.

En cada unidade didáctica o alumnado terá que elaborar e presentar todas as tarefas e traballos, así como realizar todas as probas escritas pertinentes, nas que terá que acadar, polo menos, os mínimos de consecución indicados para cada un dos criterios de avaliación contidos en cada unha delas. Para ter aprobado o trimestre, a nota terá que ser igual ou superior a 5 e ter acadados todos os mínimos de consecución correspondentes do mesmo.

O alumnado que non se presente ás probas escritas, non elabore e/ou non faga entrega do traballo proposto no momento indicado ou non asista a clase neses días, terá a cualificación de 0 nos mesmos, salvo causa debida, puntual e documentalmente xustificada, en virtude da cal a profesora acordaría co alumnado a realización e entrega dos mesmos noutra data. Nas probas escritas nas que traballemos os textos, buscaremos que o alumnado poña en práctica os mecanismos para levar a cabo unha tradución, despois da realización da análise morfosintáctica previa e unha escolla axeitada do significado do léxico que conteña, así como a resposta a diferentes cuestións sobre cultura, legado, comunicación e pervivencia. Nas traducións pedirase sempre a realización da análise morfosintáctica previa que a xustifique, polo que baixo ningún concepto computará aquela tradución que non vaia acompañada desta análise. Estas probas escritas obxectivas adaptaranse aos contidos e criterios das unidades didácticas que se avalíen. Nas tarefas e traballos propostos terase en conta ademais a corrección ortográfica, limpeza, orde e a participación. A presentación dos mesmos deberá facerse na forma e prazo establecidos, pois do contrario, a profesora non terá o deber de recollelos, salvo casos puntual e debidamente xustificadas.

A nota final obterase da media das tres avaliacións que terán un valor diferenciado:

1ª avaliación > 20%

2ª avaliación > 30%

3ª avaliación > 50%

Para aprobar a materia a nota final será igual ou superior a 5 e debe ter acadados todos os mínimos de consecución dos criterios de avaliación.

Particularidades importantes:

-Terase en conta a corrección na expresión oral e escrita, as faltas de ortografía e o aspecto na presentación das tarefas e traballos.

-A superación da última avaliación suporá o aprobado na materia.

-Non se farán recuperacións ata final de curso. O alumnado que non consiga superar a 3ª avaliación, en virtude do carácter da continuidade da materia e do maior peso desta parte, terá que facer unha proba baseada na tradución e análise morfosintáctica dun texto e cuestións de léxico e cultura.

-Durante o desenvolvemento das clases, seguirase en todo momento as NOFC do centro, especialmente o apartado relativo o emprego dos dispositivos electrónicos, polo que, o seu uso, queda totalmente prohibido, debendo



permanecer apagados e debidamente gardados durante o transcurso das mesmas, podendo ser requeridos, especialmente os días de realización das probas, non permitíndose ningún tipo deles, nin reloxos, debendo permanecer despexados os pavillóns auditivos e só tendo enriba da mesa o material de exame que proporcione a profesora e dous bolígrafos non borrables de cor azul ou negro. Non se poderá empregar corrector nin lapis. O pupitre deberá estar baleiro.

-No relativo á copia nas distintas probas e traballos: aquel alumnado que sexa sorprendido copiando nunha proba, retiraráselle o exame ipso facto e terá unha cualificación de 0 nela, sen posibilidade de repetila. Se o alumnado volveuse reincidir, acadaría unha cualificación negativa nesa avaliación e tería que solventalo, superando as seguintes avaliacións co seu propio esforzo e traballo e sen trampas. De repetirse novamente, tería que enfrontarse posiblemente a unha avaliación final. En canto aos traballos, se se demostra que non son orixinais do alumno, a cualificación no mesmo será de 0. Se hai reincidencia, computaría como 0 na parte correspondente aos traballos e tarefas. Por outra banda, se hai sospeita, o alumnado sería convocado para defender este traballo diante da profesora.

-As faltas aos exames e entrega de tarefas e traballos deben ser debida, puntual e documentalmente xustificadas á profesora nun prazo non superior a cinco días lectivos desde a reincorporación ao centro e en base ao recollido no apartado correspondente das NOFC, para acordar unha nova data respectando os prazos establecidos.

-Aquel alumnado que non poida asistir ás clases presenciais, ben por motivos debidamente xustificadas, ben pola suspensión da docencia presencial, terá a súa disposición os cursos habilitados de Latín de 4º ESO, na aula virtual do centro, onde estarán publicados os contidos, actividades, materiais e recursos relacionados, así como a ligazón á sala de conferencias do curso da profesora e o seu correo electrónico. O alumnado poderá poñerse de acordo coa profesora para fixar un método de traballo e as probas correspondentes no centro ou vía telemática, sempre que sexa posible, pois no caso contrario habería que facer unha proba única ao final do curso, coas características temporais e formais da proba final do resto do alumnado do seu grupo. Engadir que a realización das probas sería preferiblemente sempre de xeito presencial, dúas por avaliación, cos contidos correspondentes as unidades didácticas que se avalíen. Se non fose posible, de maneira telemática, polo que, neste último caso, responderían aos graos mínimos de consecución dos criterios de avaliación cun tempo limitado para resolvelas co fin de evitar fraudes.

### **Criterios de recuperación:**

Non se farán recuperacións ata final de curso, xa que aquel alumnado que non acadase os mínimos de consecución de cada criterio de avaliación ao final de cada UD, poderá recuperalos nas UD seguintes, en virtude do carácter continuo da materia. A superación da terceira avaliación suporá o aprobado na materia.

O procedemento de recuperación será o seguinte:

comunicarase ás familias e á persoa titora mediante mensaxe por Abalar ou correo electrónico aqueles mínimos de consecución non acadados, o que o alumnado ten que facer para conseguilos e o instrumento de avaliación empregado, preferentemente o mesmo recollido na presente programación, sen prexuízo da súa modificación en virtude do que máis beneficie á súa aprendizaxe e mellor reflicta o mesmo nos diferentes tempos;

trasladarase esta información ao alumnado de xeito individualizado e entregarásalle unha folla que recollerá o que precise realizar para acadar eses mínimos de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as dúbidas ao respecto.

Se estes mínimos de consecución non fosen acadados trimestralmente, isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final, onde contemplamos diferentes casuísticas:

- se se trata dun traballo ou tarefa específica e concreta, seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar a primeira quincena de xuño;

- se se trata dun aspecto de adquisición progresivo que non foi quen de superar anteriormente, pero si no último trimestre, darase isto por superado; se non foi quen, terá a oportunidade de recuperalo, seguindo o mesmo procedemento referido anteriormente na primeira quincena de xuño.

Para aprobar a materia, a nota debe ser igual ou superior a 5 e ter acadados todos os mínimos de consecución.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Entenderemos a diversidade do noso alumnado na totalidade do mesmo, xa que cada un é distinto dos demais, pero precisamente esa diferenciación é a que fai a cada un único e enriquece a todo o grupo no seu conxunto. Na súa individualidade, cada alumno e alumna ten o seu propio ritmo de traballo, estilo de aprendizaxe, capacidades e coñecementos, intereses e ideas previas e propias, polo que a nosa atención debe encamiñarse non só a quen vaia máis xusto á hora de acadar os obxectivos, senón tamén a quen os consiga e poida superalos, de maneira que persigamos a excelencia dos mesmos, deseñando actividades onde todos estean debidamente atendidos e poidan repasar, reforzar, recuperar, ampliar e avaliar a súa propia aprendizaxe e sexan os seus auténticos protagonistas. Ademais fomentaremos o traballo en grupo cooperativo (sempre en función do que permitan as circunstancias), de xeito que uns aprendan dos outros, compartan, colaboren e aproveiten as capacidades dos demais.

Neste senso, faremos un seguimento individualizado ao longo dos diversos momentos deste proceso (na avaliación inicial, a partir dos seus niveis de coñecementos, motivacións e expectativas, durante e ao final das distintas sesións, semanas, meses e trimestres) e colaboraremos estreitamente co equipo docente do grupo e o departamento de orientación, seguindo as súas indicacións ou identificando alumnado que detectemos que precise unha atención máis específica referente ao seu propio proceso de aprendizaxe ou comportamento, facendo as adaptacións correspondentes e necesarias, determinando que é o que o alumnado non consegue facer, que contidos traballar e metodoloxía a aplicar, comprobación dos obxectivos acadados na avaliación e fomento dun clima tranquilo e empático na aula, onde non se compare co grupo e todo o mundo acade os mínimos previstos.

A continuación adxuntamos táboa con resumo das medidas que recolleemos dunha maneira xeral, pero que concretaríamos con cada un dos nosos alumnos pormenorizada e concretamente, xa que cada un ten a súa propia realidade distinta e única a outra, e así debe ser entendida e atendida por todos nós:

Ordinarias :

Dificultades na comprensión e desenvolvemento:

- Verificación da forma de comunicación co alumnado.
- Secuenciación das tarefas e verificación da súa comprensión.
- Verificación do uso das TICS e a súa dispoñibilidade.
- Flexibilidade na temporalización na entrega das tarefas e na realización das probas.
- Realización probas individualizadas, secuenciadas, actividades graduadas, de reforzo e repaso.
- Videotutoriais de apoio.
- Fomento do traballo grupal heteroxéneo.
- Verificación da adquisición dos criterios de avaliación.
- Fomento dun clima aular tranquilo, de confianza e empático.

Dificultades pola motivación:

>alumnado repetidor:

- Fomento da figura de experto ou asesor da materia.
- Fomento dun coordinador de grupos.
- Fomento do traballo grupal heteroxéneo e en grupo cooperativo.
- Variedade de actividades de investigación.
- Verificación da adquisición dos criterios de avaliación.
- Fomento dun clima aular tranquilo, de confianza e empático.

>alumnado avanzado:

- Fomento da figura do experto asesor da materia.
- Fomento dun coordinador de grupos.
- Fomento do traballo grupal heteroxéneo e en grupo cooperativo.
- Actividades de ampliación, investigación e fomento das TICS.
- Traballo por proxectos.

- F o m e n t o   d u n   c l i m a   a u l a r   t r a n q u i l o ,   d e   c o n f i a n z a   e   e m p á t i c o .

Dificultades polo comportamento:

- Fomento dun clima aular tranquilo, de confianza e empático.
- Fomento do coñecemento, respecto e cumprimento das NOFC do centro.
- Establecemento compromisos individuais verbais públicos, ou colectivos, en assembleas de clases para resolucións de conflitos.
- A g r a d e c e m e n t o   e   a t e n c i ó n   p o s i t i v a   n a s   c o n d u t a s   a x e i t a d a s .

E m p r e g o d e p r á c t i c a s restaurativas.

Extraordinarias:

As que se determinen xunto co Departamento de Orientación e o resto do equipo docente do grupo despois das decisións tomadas na avaliación inicial.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - A comunicación audiovisual.                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - A competencia dixital.                                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial.                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - A educación emocional e en valores.                   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - A igualdade de xénero.                                | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - A creatividade.                                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|  | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. | X    |
| ET.2 - A comunicación audiovisual.                           | X    |
| ET.3 - A competencia dixital.                                | X    |
| ET.4 - O emprendemento social e empresarial.                 | X    |
| ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.           | X    |
| ET.6 - A educación emocional e en valores.                   | X    |
| ET.7 - A igualdade de xénero.                                | X    |
| ET.8 - A creatividade.                                       | X    |

**Observacións:**

O estudo do Latín, en canto materia do ámbito das Humanidades e Ciencias Sociais, posibilita o amplo tratamento de todos os contidos transversais, e aproveitaremos esta condición para traballalos en todos as unidades e nas diferentes conmemoracións, de xeito que potenciemos a aprendizaxe dos discentes. Neste senso, profundaremos na comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento do espírito crítico e científico (autonomía nos traballos, favorecendo a orixinalidade e reflexión, e incentivando a súa curiosidade polo coñecemento e posta en valor do legado patrimonial material e inmaterial), a competencia dixital ( emprego responsable, sostible e crítico das tecnoloxías da información e respecto pola propiedade intelectual no labor e tarefas cotiáns), emprendemento social e empresarial ( favorecendo a autonomía, iniciativa, confianza e o sentido crítico, así como a resolución de problemáticas, tanto no traballo individual como en equipo), a educación emocional e en valores e a igualdade de xénero ( xestión axeitadas das emocións, respecto a diversidade, fomento dunha educación cívica e constitucional, promovendo a igualdade, a non violencia e non discriminación, a resolución pacífica de conflitos, o respecto dos dereitos humanos, a tolerancia, con cuestións como a situación da muller na Antigüidade - matrimonio, educación -, a paz e educación moral e cívica - civilizacións baseadas na conquista, o exército, a escravitude -, o lecer -o deporte, os xogos e a saúde -, a ecoloxía - respecto pola conservación e pegadas do mundo clásico na natureza, o consumo e a sustentabilidade - ) e a creatividade (favorecéndoa e incentivándoa nas diferentes tarefas da aula ).

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Viaxe a Vigo   | Visita aos principais museos e centros de interpretación, relacionados coa romanización, como o Museo Quiñones de León, o Centro Arqueolóxico Salinae, o xacemento arqueolóxico do monte O Castro, a vila romana de Toralla ou o Museo do Mar, en decembro ou xaneiro.   | X        |          |          |
| Roteiro cultural   | Realización dun itinerario dalgunha das principais vías romanas da antiga Gallaecia no mes de xaneiro ou febreiro.   | X        |          | X        |
| Asistencia ao Festival de Teatro Grecolatino da SEEC Galicia | O alumnado presenciara distintas obras clásicas, en Ourense, Lugo ou A Coruña, en función das posibilidades e oferta, onde aproveitaríamos para coñecer máis do pasado clásico destas cidades, percorrendo as súas rúas, museos e xacementos. Recollemos a posibilidade de que se celebren en Tui como noutros anos, polo que, as prantexamos tamén como complementarias, por se fose este ano este caso, a mediados de marzo. |          | X        |          |
| Viaxe a Grecia ou Italia                                     | Visita cultural guiada pola SEEC Galicia, en función da dispoñibilidade e recursos no mes de febreiro  |          | X        |          |
| Concurso Odisea  | organizado pola SEEC Galicia en torno a diversas cuestións relacionadas co mundo grecorromano, a finais de xaneiro e principios de febreiro.   |          | X        |          |
| Ludi Compostellani   | Participación nos obradoiros, recreacións e charlas nos Ludi Compostellani no mes de abril na Facultade de Filoloxía da USC.   |          | X        |          |
| Día da fundación   | Visita cultural levada a cabo pola sociedade Alma Clásica en Segovia, co gallo do aniversario da fundación de Roma .   |          | X        |          |
| Semana Clásica do centro                                     | Obradoiros, ponencias e actividades do mundo grecolatino organizados polo noso alumnado no mes de maio   |          |          | X        |

| Actividade                                       | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Charlas  | Asistencia á charlas divulgativas de escritores, profesores e investigadores de disciplinas clásicas, en función da dispoñibilidade, de maneira que nos ilustren no seu traballo en ámbitos como a lexicografía, civilizacións antigas ou práctica das linguas clásicas. | X        | X        | X        |
| Asistencia a algunha estrea de cine grecorromano | En función da clasificación por idade, visionado dunha película de tema clásico, como Gladiator II, onde o alumnado poida poñer en práctica os seus coñecementos sobre o tema, durante o mes de novembro nalgunha sala de cine de Vigo.                                  | X        |          |          |

**Observacións:**

Este tipo de actividades son unha oportunidade de crecemento na aprendizaxe do noso alumnado, polo que a súa planificación e deseño deben estar orientadas ao máximo aproveitamento, sen esquecer que tamén han de conlevar unha fonte de pracer e descubrimento ao contribuír á posta en práctica, ao perfeccionamento e ao enriquecemento do propio proceso de aprendizaxe, ademáis de ter en conta a dispoñibilidade horaria dos diversos centros, a do profesorado colaborador doutros departamentos e a nosa, e sempre que as circunstancias de diversa índole as posibiliten, xa que terase en conta os posibles acordos que se puideran establecer no centro para limitar o número e temporalización, dadas as características deste curso (no caso contrario contemplamos a opción de visitas e actividades virtuais, coas que desenvolver traballos de investigación ou elaboración de roteiros).

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico                                |
| ENSINO > 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.  |
| 10.-Usáronse distintos instrumentos de avaliación.  |
| 11.-Dáse un peso real á observación do traballo na aula.  |
| PRÁCTICA DOCENTE > 1.-Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes. |
| 2.-Programa semanalmente e diariamente as clases.   |
| 8.-Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes.                                 |
| 11.- Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada unidade.  |
| ALUMNADO E FAMILIAS > 1.-Satisfacción cos contidos da materia.  |

|   |
|---|
| <b>Metodoloxía empregada</b>  |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.  |
| 3.- Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.  |
| 12.-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.  |
| 12.-Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.  |
| 16.-Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.   |
| 3.-Satisfacción coa metodoloxía desenvolvida.   |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>   |
| 4.-Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.   |
| 3.-Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.   |
| 4.-Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.   |
| 14.-Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.   |
| 15.-Poténcianse estratexias de animación á lectura.   |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| 7.-Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.   |
| 8.-Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.  |
| 9.-Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.   |
| 7.-Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes no se alcanzaron suficientemente e de maior nivel cando o fosen con suficiencia.. |
| 13.-Elabóranse actividades atendendo á diversidade.   |
| <b>Clima de traballo na aula</b>  |
| 5.-Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.   |
| 6.-Corrixe e explica os traballos e as actividades, e da pautas para a mellora de seus aprendizaxes.  |
| 9.-Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.  |
| 10.-Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos,etc.   |
| 2.-Satisfacción co ambiente de traballo na aula.  |

|  |
|--|
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais       |
| 5.-Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.               |
| 6.-Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.                   |
| 17.-Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais/nais. |
| 4.-Satisfacción coa persoa docente e o trato dispensado.                                   |

**Descrición:**

Ao finalizar cada trimestre, así como en diversos momentos do curso (sesións, semanas, meses e mediante cuestionarios, enquisas, táboas de indicadores, o caderno de clase do alumno e do profesor), o docente cubrirá unha folla na que valorará os seguintes indicadores relacionados coa materia e recursos (contidos, metodoloxía, temporalización, se funcionaron, se foron suficientes, etc.), actividades (adequación e gradación), detección e atención as ACNEAE que puidera haber, resultados das diferentes avaliacións, participación e satisfacción do alumnado e as súas familias, TICS, elementos transversais e actividades interdisciplinares, de tal maneira que poidamos facer unha análise do proceso e solucionar as carencias, ben corrixindo, ben implementando medidas para adaptarnos ás necesidades do alumnado e garantir a súa aprendizaxe.

Os indicadores de logro niveláranse do 1 ao 4: respectivamente, nunca, escasamente, dabondo, sempre, de xeito que aqueles indicadores que estean por debaixo do índice 3 deberán ser revisados e tomar as medidas pertinentes (actividades, recursos, temporalización, resposta do alumnado, etc.).

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Para seguir o axeitado desenvolvemento da programación durante o curso, recollerase mensualmente no libro de actas do departamento, así como no caderno de rexistro diario de observación da profesora, as valoracións pertinentes no desenvolvemento da programación, especialmente no relativo á dinámica diaria das clases, ao traballo do alumnado, aos resultados obtidos nas distintas probas e tarefas e aos seguintes puntos:

**VALORACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

ESCALA 1 2 3 4

- 1. Adequación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- 2. Adequación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas /proxectos.
- 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- 4. Adequación da secuenciación dos criterios de avaliación para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
- 5. Adequación do grao mínimo de consecución fixado para cada criterio de avaliación.
- 6. Asignación a cada criterio de avaliación do peso correspondente na cualificación.
- 7. Vinculación de cada criterio de avaliación a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
- 8. Asociación de cada unidade didáctica cos elementos transversais a desenvolver.
- 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
- 10. Adequación da secuencia de traballo na aula.
- 11. Adequación dos materiais didácticos utilizados.
- 12. Adequación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias das probas e tarefas.
- 13. Adequación da programación ás necesidades especiais do alumnado.
- Adequación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, tarefas, etc. 14.
- Adequación dos criterios establecidos para a recuperación de traballos, tarefas, probas e dunha avaliación. 15.

(\*) Do 1 ao 4: respectivamente, nunca, escasamente, dabondo, sempre. Aquellos indicadores que estean por debaixo do índice 3 deberán ser revisados e tomar as medidas pertinentes (axustes de tempo, plans de atención personalizados, cantidade de contidos, etc.).

Contemplando todos estes aspectos poderemos non só ir coñecendo e revisando pormenorizadamente o proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado, senón tamén avaliar e modificar a nosa planificación didáctica para adaptarnos ás súas necesidades e ás circunstancias e cambios que poidan ir xurdindo, de maneira que posibilitemos e persigamos sempre o seu éxito, a consecución dos obxectivos previstos. Do mesmo xeito, todas aquelas modificacións, observacións e suxerencias que se reflectan na memoria final do curso, teránse en conta para a

elaboración da programación seguinte.

## **9. Outros apartados**

### **1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.**

Xunto cos departamentos de linguas, coordinarémonos para empregar unha mesma terminoloxía e non confundir ao alumnado, de xeito que sirva de reforzo, ademais da colaboración en todas aquelas actividades que nos interrelacionen, respectando en todo momento a lingua establecida polo Proxecto Lingüístico para a docencia da materia. Empregaremos medidas de apoio e reforzo establecidas para o correcto uso lingüístico educativo e así poder acadar o obxectivo de fomento do plurilingüismo, especialmente o fomento das correctas producións orais e escritas. Tamén adoptaranse medidas para que o alumnado con insuficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten e colaborarase nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

### **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LECTOR E A BIBLIOTECA**

Adicación de distintos tempos á semana a ler na aula, a proposta dunha serie de lecturas de carácter obrigatorio e optativo partindo dunha lista dada, á que o alumnado poderá incorporar suxerencias e das que terá que elaborar recomendacións escritas ou orais para o resto dos seus compañeiros, a selecta de lecturas en voz alta con comentario e posta en común posteriores, versionado e dramatización de escolmas de diferentes obras na biblioteca ou espazos comúns, visionado de fragmentos de películas e comparación coas fontes, ademais da posible creación dun club clásico de lectura e unha biblioteca de aula coas escollas feitas polo propio alumnado, en colaboración coas actividades da Biblioteca e a formación do alumnado voluntario e usuario.

### **3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN DIXITAL.**

Promoveremos o uso dos recursos corporativos como a aula virtual do centro, o servizo de videoconferencias de Cisco Webex, Webs dinámicas, o espazo Abalar e o correo corporativo, así como múltiples recursos dixitais para a elaboración de cuestionarios interactivos, independentemente da ausencia do alumnado ou nosa, de tal maneira que fomentemos a consecución da competencia dixital e verifiquemos en distintas sesións planificadas para iso, o seu coñecemento, emprego seguro e boas prácticas, xa sexa nas aulas de Informática do centro ou nos ordenadores da Biblioteca, sempre en función das circunstancias e dispoñibilidade.

### **4. PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE**

Tamén a través da confección de actividades de investigación do significado de diversas locucións latinas relativas á saúde, nutrición e deporte, así como a dedución da etimoloxía de diversos termos vencellados a estes campos e a comparación e diferenciación dos costumes alimenticios e o coidado persoal romanos en contraste cos actuais, a partir da lectura de textos, roteiros, visionado de documentais ou fragmentos de películas, de xeito que poidan compartir impresións e fomentar o coñecemento do mundo clásico e a súa pervivencia na actualidade, promoveremos hábitos de vida saudables entre o noso alumnado.

### **5. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Mediante a realización de debates e cuestións sobre textos, resolución e erradicación de condutas contrarias á convivencia, promovendo o respecto, a igualdade, a negociación, o diálogo, a prevención de violencias e a resolución pacífica de conflitos, aplicando os protocolos de actuación que reforcen e poñan en práctica a educación en valores. Traballaremos a xestión emocional, autoconhecimento, motivación, preocupación, cooperación, tolerancia, empatía, asunción de responsabilidades e o compromiso como futuros cidadáns. Estamos á disposición do centro en todas aquelas propostas que poidan xurdir, así como na colaboración cos demais departamentos e outros centros para todas aquelas actividades que favorezan o desenvolvemento do noso alumnado.